



Concello da Pobra do Brollón

Expediente núm.: 698/2025

Procedemento: Convocatoria pública da cobertura, mediante COMISIÓN DE SERVICIOS, do posto de Traballador/a Social interino/a

BASES PARA A PROVISIÓN TEMPORAL EN COMISIÓN DE SERVICIOS DUN POSTO VACANTE (TRABALLADOR/A SOCIAL INTERINO/A)

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a provisión temporal mediante nomeamento en comisión de servizos de carácter voluntario do seguinte posto vacante:

Servizo/Dependencia	Servizos Sociais
Denominación do posto	Traballador/a Social Interino/a
Escala	Administración Especial
Subescala	Técnica
Grupo/Subgrupo	A2
Nivel	20
Xornada	Completa

O período durante o cal se cubrirá a vacante en comisión de servizos será o dun ano, prorrogable por outro máis, de conformidade co establecido no artigo 64.3 do Regulamento de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de aplicación supletoria aos funcionarios da Administración Local, de acordo co establecido no artigo 168 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

SEGUNDA. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para participar na presente convocatoria será necesario:

a) Ter a condición de funcionario/a de carreira de calquera Administración Pública pertencente ao mesmo grupo de clasificación profesional que a posto vacante.





Concello da Pobra do Brollón

- b) Atoparse en situación de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa excepto a de suspensión firme.
- c) Contar coa conformidade expresa do órgano competente do Concello ao que pertence en relación á posible adscrición a este Concello en comisión de servizos do funcionario solicitante.
- d) Carecer de anotacións por faltas graves ou moi graves no seu expediente persoal, en virtude de resolución firme. Non se terá en conta as canceladas.
- e) Presentar os documentos xustificativos dos méritos que aleguen.
- f) Non atoparse afectado en procedemento administrativo ou xudicial que sexa ou poida ser incompatible co exercicio das súas funcións.
- g) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

Todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores deberán posuírse o día da finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo e até o momento, no seu caso, de toma de posesión.

TERCEIRA. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes (Anexo I), requirindo tomar parte no correspondente proceso de provisión temporal da posto vacante, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases para o posto que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na sede electrónica deste Concello (<http://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es>), e no Boletín Oficial da Provincia.

Os aspirantes no seu caso acompañarán xunto á súa solicitude:

- a) *Curriculum vitae, no que consten títulos académicos, anos de servizo, postos de traballo desempeñados na Administración, estudos e cursos realizados, así como outros méritos que estimen oportunos.*





Concello da Pobra do Brollón

b) Demais documentos xustificativos do curriculum vitae, orixinais ou debidamente compulsados.

c) Certificación expedida polo Sr. Secretario do Concello de procedencia acreditativa de que o aspirante en cuestión é funcionario do Concello, así como de que se atopa en servizo activo.

CUARTA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, polo Alcalde procederase á aprobación da lista provisional de admitidos e á súa publicación na sede electrónica do Concello, podendo os excluídos, no prazo de 5 días hábiles emendar as deficiencias que sexan subsanables.

Transcorrido o devandito prazo ditarase resolución declarando aprobada a lista definitiva, que se publicará na sede electrónica xunto co lugar, data e hora en que a comisión técnica realizará a selección.

QUINTA. Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración será colexiada e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home, conforme ao artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes. Non pode formar parte o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual. Así mesmo a pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición concreta da Comisión de Valoración, coa correspondente designación de cada un dos seus membros, levará a efecto mediante a resolución que aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, e que se fará pública na sede electrónica do Concello.

As Comisións de Valoración, estarán integradas por un Presidente, un Secretario e dous vogais, titulares e suplentes, que actuarán con voz e voto.

A Comisión de Valoración poderá solicitar da autoridade convocante a designación de expertos que en calidade de asesores actuarán con voz pero sen voto, conforme ao artigo 46 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

A actuación da Comisión de Valoración deberá axustarse estritamente ás Bases da Convocatoria, non





Concello da Pobra do Brollón

obstante o cal, a Comisión resolverá as dúbidas que xurdan da aplicación das súas normas, así como o que proceda nos supostos non previstos nestas.

As Comisións proporán unicamente ao candidato que obteña maior puntuación.

A abstención e recusación dos membros da Comisión de Valoración será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTA. Selección do aspirante idóneo mediante *valoración de Méritos*.

Valoración de méritos: Nesta fase procederase á valoración dos méritos alegados e xustificadas polos aspirantes.

A puntuación máxima a obter por méritos é de 10 puntos.

Os méritos serán valorados conforme ao seguinte baremo:

A).- Experiencia profesional: Puntuación máxima, 4 puntos: por cada ano completo como traballador social en servizo activo: 0,40 puntos.

Á fracción igual ou superior a seis meses e inferior a un ano completo asignaráselle unha puntuación de 0,20.

A experiencia profesional acreditarase mediante un certificado expedido pola Administración Pública correspondente á prestación de servizos, ao que se acompañará certificación da vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

B).- Cursos de formación: Puntuación máxima, 4 puntos: serán susceptibles de valoración os cursos de formación específicos relacionados directamente co traballo social aos que asistise o candidato en concepto de alumno.

Os títulos, diplomas ou certificados que xustifiquen a formación deben estar expedidos por:

Universidades ou Centros Oficiais recoñecidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, así como os cursos acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, debendo constar o número de horas ou créditos (se non se indica a equivalencia crédito/hora, non se valorará) para a súa valoración, así como o programa do curso para permitir valorar a adecuación do contido do mesmo.

Non se valorarán en ningún caso:

- Non será valorado o curso de formación básica para o ingreso.
- Non se valorarán aqueles cursos cuxa duración sexa inferior a quince horas lectivas.





Concello da Pobra do Brollón

- Non se valorarán cursos cun contido obsoleto. Será a Comisión de Valoración a que determine en que cursos incorre esta circunstancia.

- Non se valorarán cursos cuxo contido non se poida determinar que teñen relación co traballo social.

- Non se valorarán actividades distintas dos cursos, tales como: xornadas, mesas redondas, encontros, debates ou análogos.

Os seminarios só se valorarán se se acredita que teñen a mesma natureza e metodoloxía que os cursos.

A valoración dos títulos, diplomas ou certificados de formación debidamente acreditados realizarase de acordo con o seguinte baremo de puntos de maneira acumulada:

a) De 100 ou máis horas: 1,5 puntos.

b) Entre 75 e 99 horas lectivas: 1 punto.

c) Entre 50 e 74 horas lectivas: 0,75 puntos.

d) Entre 25 e 49 horas lectivas: 0,50 puntos.

e) Entre 15 e 24 horas lectivas: 0,20 puntos.

C).- Titulacións: Puntuación máxima, 2 puntos:

— Titulación de Doutoramento: 2 puntos.

SÉTIMA. Proposta de nomeamento

Unha vez terminada a avaliación dos aspirantes, o resultado reflectirase nunha relación comprensiva da totalidade dos aspirantes, ordenada de maior a menor puntuación.

Esta relación será exposta ao público na sede electrónica deste Concello (<http://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es>) durante o prazo de 5 días hábiles durante os cales os participantes no proceso poderán formular reclamacións.

Transcorrido o devandito prazo e resoltas as reclamacións formularase proposta definitiva para ocupar o posto, remitíndoa ao órgano convocante para a súa publicación na sede electrónica deste Concello (<http://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es>) tras resolución motivada deste, e notificándolla ao/á interesado/a, indicándolle expresamente o prazo polo que será nomeado, que será de máximo dun ano prorrogable por outro en caso de non haberse cuberto o posto con carácter definitivo.





Concello da Pobra do Brollón

OITAVA. Nomeamento e toma de posesión

O/ha seleccionado/a deberá presentar o informe favorable da Administración de procedencia no prazo de cinco días hábiles desde que se lle notificou a súa selección como o aspirante idóneo para ocupar o posto en comisión de servizos, debendo tomar posesión do posto no prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte a aquel en que reciban a notificación do devandito nomeamento ou de oito días hábiles se implica cambio de residencia.

No caso de que no prazo concedido o seleccionado non presentase informe favorable ao seu nomeamento en comisión de servizos ou non tomase posesión do posto, poderá procederse de igual modo co aspirante que quedase en segundo lugar na avaliación da comisión técnica, e así sucesivamente.

NOVENA. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos/as interesados/as recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; a Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

DÉCIMA. Protección de datos.

Os datos dos/das aspirantes serán tratados polo Concello da Pobra do Brollón, con CIF P2704700J, como responsable de tratamento, coa finalidade de xestionar e tramitar o proceso de selección no cal se van a inscribir, con base legal no exercicio de poderes públicos. Os datos serán conservados





Concello da Pobra do Brollón

durante o tempo estritamente necesario para o cumprimento da finalidade coa cal se solicitaron, sendo bloqueados posteriormente durante o prazo de prescrición máis amplo de conformidade coa lexislación aplicable.

Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición na seguinte dirección de correo electrónico: concellodapobradobrollon.dpo@convenceabogados.es. Así mesmo, poderán consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos en: <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/privacy.10>.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 3TYNGQWANN72Q4D4SWYQH2XH9
Corrección: <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7

